

# CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A LOMCE



Estimadas familias

Neste curso 2014-15 implántase a LOMCE en 1º, 3º e 5º de Educación Primaria. A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa aporta cambios significativos en moitos aspectos que afectan á organización e estrutura da etapa de primaria, e por suposto ao proceso de ensino – aprendizaxe. A continuación queremos informarnos brevemente das novidades máis destacadas:

**Desaparecen os ciclos. A etapa de primaria abarca seis cursos.**

**Dúas novas asignaturas, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais substitúen a Coñecemento do Medio.**

**A alternativa á Relixión é una asignatura avaliable coma o resto, chámase Valores sociais e cívicos.**

**Establécese a posibilidade de que o alumnado poida repetir unha vez, en calquera dos seis cursos da etapa.**


**Realización dunha avaliación interna ao alumnado cando termine 3º, para comprobar o grao de desenvolvemento das competencias lingüística e matemática**

**Realización dunha avaliación externa ao alumnado cando termine 6º, para comprobar o grao de adquisición das competencias lingüística, matemática, en ciencias e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.**

**Desaparece Educación para a Cidadanía en 6ºEP.**

**Os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (1,2,3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresainte (9 ou 10)**

**As competencias clave pasan a ser sete:**



**DISTRIBUCIÓN HORARIA:**

Áreas	1º	3º	5º
	Lingua galega e literatura	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4
Matemáticas	5	4	5
Ciencias sociais	3	3	2
Ciencias da natureza	2	2	2
Lingua estranxeira	2	3	3
Educación artística	2	2	2
Educación física	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos	1	1	1
Libre configuración			
<b>TOTAIS</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>